

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	AMES
Edificio	Capela da Magdalena de Milladoiro
Dirección	Rúa Estivada de Castelao, 5. 15895
	42.843437 -8.580778
Protección	
Descricion	<p>Capela de planta rectangular con corpo engadido na cabeceira. Feita con muros de perpiaños e tellado a dúas augas. Na fachada leva porta alintelada e remata na parte superior en pequeno beirado cunha base cadrada da que arranca a espadana de dous corpos. O principal leva dous vans para as campás con arco de medio punto e o de enriba é un pequeno edículo con oco en forma de ovalo para adornar o cumo e que remata con lados redondeados e unha cruz de forxa no cumo . Tanto a espadana como os remates laterais da fachadas levan pináculos de bóla. Pola súa situación nun outeiro, esta ermida de orixe románica, era o punto no que vían as torres da catedral por vez primeira os peregrinos que facían o camiño Portugués.</p> <p>Para algúns autores, o topónimo do Milladoiro , onde está a capela, lembra a existencia dun “humilladoiro” do Camiño de Santiago. Aquí os peregrinos que chegaban pola ruta marítima e o Camiño Portugués ao ver as torres da catedral compostelana, axeonllábanse e daban grazas a Deus por poder acabar o camiño.</p> <p>Outros especialistas no camiño sinalan que recibiría o seu nome pola existencia dun “amilladoiro”, una morea de pedras que deixaban os peregrinos que facían o camiño. Os romeiros deixarían, no primeiro lugar de avistamento da Catedral, unha pedra traída desde a súa terra natal, para que fose testemuño da súa camiñada para que cando chegase o momento do Xuízo Final, as pedras falasen ao seu favor dando conta da súa devoción e peregrinaxe a Compostela</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao (Campás e reloxos monumentais de Galicia, FACEBOOK)
Data	29-01-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	<u>Menor.</u>	<u>BLANCO RUCABADO, FRANCISCO ANTONIO</u>	1801	40	37
Espadana	<u>Maior.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	1941	50	72

Información completa: [Capela da Magdalena de Milladoiro - AMES \(GALICIA\)](#)

PDF (18-05-2026)